



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21 DE MAIO DE 2.007

Na Casa de Cultura de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e trinta minutos, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio Varela Rodríguez, D. José Espiño López, D. Serafín Vázquez Arias, D. Manuel Fraga Martínez, D. Jesús Fernández García, D. Cesáreo Trigo Méndez, D. Xoán Manuel Tubío Fernández, D. Arcadio Lombao Román e D. Manuel Varela Granda, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame do único asunto comprendido na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- Dación de conta do Plan Concertado do exercicio 2.007.- Dase conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local deste Concello en data 2 de marzo de 2.007, do tenor que segue:

“6.- **Servicios Sociais. Plan concertado 2.007.**- o aveiro da Orde do 31 de xaneiro de 2.007 pla que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais e se procede á súa convocatoria, acordou solicitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ó amparo da Orde expresada as seguintes axudas para servizos sociais de atención primaria, de conformidade do Art. 4º, punto b da mesma:

Programa de Axuda no fogar 60.000,00 €
Programa de Emerxencia Social 4.000,00 €

Faise constar que o Servicio Social de atención primaria deste Concello, composto por Traballadora Social, así como o Programa de Axuda no fogar, continúaase prestando nas mesmas condicións que no ano 2.006.

As cuantías establecidas no Presuposto Municipal para o actual exercicio, das que adxunta certificación son as seguintes:

Programa de axuda no fogar 10.000,00 €
Programa de Emerxencia social 1.000,00 €

En consecuencia o presuposto total por Servizos, Programas e Inversións e o seguinte:

AXUDA NO FOGAR

Solicitado á Vicepresidencia 60.000,00 €
Aportación Concello 10.000,00 €
Remanente 2.006 0 €
Total parcial 70.000,00 €

EMERXENCIA SOCIAL

Solicitado á Vicepresidencia 4.000,00 €
Aportación Concello 1.000,00 €
Remanente 2.006 0
Total parcial 5.000,00 €

Total solicitado: sesenta e catro mil euros (64.000,00 €)”



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Seguidamente a Presidencia somete a votación a ratificación do citado acordo, resultando aprobado por unanimidade.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

O Alcalde,

O Secretario,